

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS EMPRESA E XUNTA PAS
CALENDARIO LABORAL, VACACIÓNS E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN
ANO 2020

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

José Estévez Vázquez (CCOO)

Manuel Marcos García (CCOO)

Roberto Otero Ledo (CIG)-Escusa ausencia

Federico A. Fdez. Fdez. (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)-Escusa ausencia

Luciano Otero Camiña (CIG)-Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)-Escusa ausencia

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan Cebro Rodríguez (CIG, presidente)-Escusa ausencia

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara (CIG)

Raquel M. Iglesias Domínguez (CIG)-Escusa ausencia

María Moreira Sendón (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)-Escusa ausencia

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os membros da Xunta PAS e os Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 26 de decembro de 2019, na Sala II do Edificio Miralles, coa seguinte

ORDE DO DÍA

Punto único: Instrución da xerencia 12/2019, sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2020 do persoal de administración e servizos da universidade de Vigo.



A xerenta comeza a reunión dicindo que segundo o solicitado polos órganos de representación ten lugar a reunión sobre o calendario laboral, vacacións e días de libre disposición. Vistas as alegacións presentadas, todas elas redúcense maiormente a engadir un día máis de compensación, é dicir, polos 11 días de peche no mes de agosto solicítanse 4 días de compensación. En primeiro lugar quere aclarar o punto 3.3 da instrución en relación ao momento de goce das vacacións despois dun período de incapacidade temporal. Segundo o artigo 50.2 do EBEP cando razóns de incapacidade temporal, maternidade etc impidan gozar das vacacións dentro do ano natural “...*el periodo vacacional se podrá disfrutar aunque haya terminado el año natural a que correspondan y siempre que no hayan transcurrido más de dieciocho meses a partir del final del año en que se hayan originado*”. De acordo con isto, no borrador de instrución reflíctese que, a efectos de favorecer que os servizos sigan o seu normal funcionamento, o conveniente para todos é que a persoa que se incorpora dunha baixa e arrastra vacacións dun período anterior, as goce inmediatamente a que se incorpore, polo que a persoa que a substitúe continúa ata a incorporación definitiva.

Carlos Mollinedo di que a el o que realmente lle interesa é falar do peche de centros e dependencias no mes de agosto. Pregunta onde está o documento no que e reflicte ese aforro económico que supostamente se produce. Dixo en Consello de Goberno que a xerencia este ano non negociara as vacacións do persoal e considera que se debería ter a información dese aforro. Posteriormente a xerencia solicitou unhas alegacións de algo que non se acordou por iso el non fixo ningunha alegación. Quere que se negocie si é necesario pechar ou non en agosto, xa que ao seu xuízo cre que non é necesario.

A xerenta responde que aos responsables das diferentes unidades se lles enviou un documento para ver as posibilidades de poder pechar nesas datas, tanto por razóns de aforro como de produtividade e organización dos servizos. No mes de agosto non se lle transmitiu ningún problema por ter pechado nesas datas.

O presidente do CEPO di que o 27 de setembro enviaron un escrito á xerencia para falar deste asunto. O propio reitor recoñeceu en Consello de Goberno que o aforro non fora significativo. En relación aos problemas xurdidos polo peche no mes de agosto pasado, di que algún responsable da área TIC si lle transmitiu unha cantidade importante de atrancos xurdidos nesas datas. Continúa dicindo que cre que o verán non é o tempo indicado para o aforro e pide que se considere outro período para que haxa un aforro real (decembro ou principios de xaneiro por exemplo). En relación á solicitude de 4 días de compensación, é algo lóxico, para compensar os días de peche e favorecer así a conciliación.

A xerenta recoñece que na organización dos servizos informáticos houbo que arranxar algunha incidencia pero que no período de peche non lle transmitiron ningún problema. Por outra banda di que cando se eliminaron os días de asuntos propios de 9 a 6, a universidade deu tres días de conciliación. O equipo de goberno decidiu pechar como se pecha en moitas universidades e moitas delas sen compensación de días. Considera que 11 días de peche con tres de compensación son máis que suficientes.



Pablo Álvarez di que se perdeu o día de apertura do curso e o día de carnaval. Considera xusto poder recuperar eses días xa que economicamente á universidade non lle custa nada.

O presidente do CEO lembra que na reunión do ano pasado houbo un consenso dos días de compensación, e días despois dese acordo os sindicatos de PDI pediron tres días que se lles deron sen maior problema. Di que queren que o PAS teña os mesmos días e condicións que o PDI.

O Vicexerente de RRHH di que neste borrador de instrución o PAS conta cun mínimo de 46 días hábiles libres en 2020.

A xerenta di que se intentará que os servizos mínimos se reduzan na medida do posible ata que poidan desaparecer.

O presidente do CEO di que os peches, vacacións etc teñen que estar claros con tempo suficiente para que a xente se poida planificar.

O presidente do CEO di que o día que se debe recuperar é o día do entroido xa que o equipo de goberno se comprometeu a recuperar os días perdidos co equipo anterior.

A xerenta di que o peche non se vai negociar porque é unha cuestión que transcende a este ámbito, é decisión do equipo de goberno. Di tamén, que o feito de que se concentren as vacacións do PAS nos períodos que hai menor actividade académica, ademais de reducir o gasto corrente tamén é por razóns de produtividade.

O presidente do CEPO súmase á petición do presidente do CEO e solicita tamén a concesión do día de entroido ademais do cuarto día de compensación.

Pablo Álvarez pide que se negocie, xa que foi unha promesa electoral, o recuperar os días que se perderon, en caso contrario terá que poñelo en coñecemento dos servizos xurídicos e interporase unha demanda porque entende que a instrución vai en contra do Convenio Colectivo.

Carlos Mollinedo pide unha xuntanza para a organización dos servizos esenciais.

O Vicexerente de RRHH di que a finais do mes de xaneiro ou principios de febreiro ditarase a instrución sobre a organización dos servizos mínimos e aí se lles convocará para a negociación oportuna.

A xerenta di que chegados a este punto e dado que xa estaba concedido por resolución xerencial, concédese o día de entroido.

Acórdase por asentimento dar o día de entroido que se poderá gozar o día antes ou o día despois do festivo, así como dar os tres días de compensación polo período de peche de 11 días.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 11:30h

Four handwritten signatures are visible at the bottom of the page. From left to right: a black signature, a blue signature, a black signature, and a blue signature.

